

Lois Pérez: "Quixen escribir unha aventura que conecte coa adolescencia e a xuventude"

O escritor e mestre lugués presenta na súa cidade natal a súa última obra, 'Cartas na escuridade', galardoada co VI Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil do Concello de Pontevedra

[Chus Gómez](#) 18/dic/24

Os fíos da esperanza e o medo entretécense nas historias da xeografía dos afectos que é *Cartas na escuridade* (Cuarto de inverno, 2024), a novela coa que [Lois Pérez](#) (Lugo, 1979) gañou hai xusto un ano o VI Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil que vén concedendo ata agora o Concello de Pontevedra. Presentou o libro en Culturgal e volverá facelo este xoves 19 de decembro, precisamente na súa cidade natal. Será na **librería Lectocosmos**, ás 20.30 horas, acompañado da escritora **Ledicia Costas**.

A novela conta as historias do francés Olivier, dos ugandeses Moses e Denis, que escaparon das bestas do LRA do seu país natal e de Amira, historias que conflúen en Catar, a onde tamén vai parar a estrela mundial do reggaeton, Aluma, e a súa moza, Ann Drolla Ice. "Quixen escribir unha aventura que conecte coa infancia, coa adolescencia e a xuventude, o que buscaba eu daquela nun libro", conta o autor. "Busco a aventura de escribir".

Non foi casualidade que esta novela a creara xusto despois de *A tribo do mar* (Xerais, 2023), que conecta África e Burela. "Tiña o de **África moi presente**. Quería falar de certas cousas". De aí que uns dos protagonistas sexan uns irmáns ugandeses, separados "nun contexto durísimo" no seu país natal. "Arrastran un pasado de nenos soldado". O cerne foi o documental *Invisibles*, de Javier Bardem e Fernando León de Aranoa, "que debería ser visionada en Secundaria" e na que se fala "do grupo **paralimitar fascista PRA**", do que Moses e Denis fuxen para evitar ser secuestrados e se refuxian na **Arca de Noé**. "Acaban en Catar".

Chegan a este país de Oriente Medio en plena preparación do **Mundial de Fútbol**. Alí é onde vive Amira. "Se a situación da muller xa é difícil, en **Catar** moito máis" e esta rapaza é bo exemplo. "Olivier é un rapaz europeo fillo dun eurodeputado corrupto", ao que acompaña ao Mundial.

"Ler e escribir son actividades esenciais, como respirar, comer e durmir"

Lois Pérez sinala que é unha aventura literaria "que pode enganchar ao potencial lector" nun tempo no que a literatura "ten que competir con outros estímulos como a tecnoloxía" e é "unha **arma cargada de esperanza** e utopía" para conseguir "un mundo distinto". "Ler e escribir son actividades esenciais como respirar, comer e durmir", sostén.

Aínda que as vidas dos protagonistas están atravesadas pola dureza, Pérez asegura que a novela tamén ten "**moito humor**", moito del de parte de Aluma, que é "un apañabostas" contratado

para cantar na inauguración do Mundial, polo que viaxa ata alí xunto co seu mánager, Pet Ardo, e a súa noiva, Ann Drolla Ice. "É o contrapunto. Se non podo tomalo con humor, se non hai un respiro, non me vai interesar". Sen humor, recalca, "estamos podridos".

Outro dos protagonistas é Salman, un vello condutor de bus "preocupado pola deriva do mundo" que conduce un autobús de universitarias catarís "e cobra conciencia das cousas que suceden". É aí onde entran en xogo as cartas que dan sentido ao título, xuntando "o fráxil do papel co indeleble da tinta", pois as cartas "son como unha viaxe no tempo e no espazo e permiten a intimidade, non como os correos deste **tecnofeudalismo**". O libro é "unha reivindicación das loitas colectivas, do valor da amizade".